



Poñémonos en contacto con vostedes para comunicarlles algunhas das normas que se deberán seguir no noso centro por mor do COVID-19.

1. Entradas ao centro.

- Os/As alumnos/as entrarán por diferentes portas en función do curso no que están escolarizados:
 - Alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil e os de 1º e 2º de Educación Primaria entrarán pola porta principal.
 - Alumnos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria entrarán pola cancela de abaixo (ao lado do despacho da ANPA).
- Entrarán primeiro os/as alumnos/as transportados en autobús entre as 9:10 e as 9:20.
A partir das 9:20 entrarán os/as nenos/as transportados en coche polas familias.
- Os/As nenos/as entrarán no recinto escolar **coa máscara**, mantendo as **distancias de seguridade** e tendo aplicadas as **medidas de desinfección** (botar xel hidroalcohólico antes da entrada) e colocaranse por orde nas filas.

2. Saídas do centro:

- Os/as nenos/as que **non fagan uso do comedor** escolar sairán do seguinte xeito:
 - Alumnos de Educación Infantil: sairán pola mesma porta que entraron (a principal), ás 14:25 horas.
 - Alumnos de Educación Primaria: sairán pola mesma porta que entraron (1º e 2º de Primaria pola porta principal e 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria pola cancela), ás 14:30 horas.
- Os/as nenos/as que fagan **uso do comedor** escolar sairán do seguinte xeito
 - Alumnos que non fan uso do transporte escolar:
 - Alumnos de Educación Infantil: sairán ás 15:25 horas. Saen pola mesma porta que entraron (entrada principal).
 - Alumnos de Educación Primaria: sairán ás 15:30 horas. Saen pola mesma porta que entraron.
 - Alumnos que fan uso do transporte escolar. Quedan nos seus respectivos recunchos de lecer. O horario de saída será:
 - Alumnos de Educación Infantil 16:25 horas. Saen pola mesma porta que entraron (entrada principal).
 - Alumnos de Educación Primaria: 16:30 horas. Saen pola mesma porta que entraron.

3. Acompañantes:

- Só poderá acompañar unha persoa ao alumno.
 - Evitar aglomeracións de pais/nais /titores legais nas entradas e saídas do colexio. Respetar as distancias de seguridade.
 - **NON SE PERMITE O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.** Se necesitan realizar algún trámite administrativo ou algunha titoría, terán que pedir cita previa (é moi importante que non haxa circulación de persoas durante as entradas e saídas dos nenos). As titorías serán realizadas principalmente por vía telemática (teléfono, mail,...).
 - Será obrigatorio o uso de máscaras cando se acompaña ao/á alumno/a ou cando se recolla así coma a desinfección de mans.
4. É moi importante que cada familia realice unha avaliación clínica dos/as nenos/as todos os días pola mañá, observando se o/a neno/a presenta algún síntoma compatible co COVID-19. Ante a aparición de so un síntoma, o/a alumno/a quedará na casa e a familia informará ao centro da situación e chamará ao centro de saúde de referencia para informar da situación. O modelo de avaliación clínica estará á súa disposición na web do colexio.
5. É importante que as familias estean dispoñibles e atentos ao teléfono por se xurdira sintomatoloxía COVID no centro escolar, para vir a recollelos á maior brevidade posible.
6. Cada familia deberá instalar a aplicación ABALAR xa que será necesaria como canle principal de comunicación entre as familias e o colexio.
7. Os impresos que antes se cubrían na CONSARXERÍA do colexio, agora serán descargadas na páxina web do colexio e cubertas na casa e enviadas ao colexio:
- Autorización de utilización da imaxe do/da neno/a.
 - Declaración responsable ante a situación COVID.
 - Impreso de enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19.
 - Impresos de faltas de asistencia ou de puntualidade (agás para síntomas Covid, para o cal hai unha folla de rexistro específica).
 - Rexistro de ausencias por sintomatoloxía COVID

Todas estas normas son susceptibles de cambios en función da evolución da pandemia.